

CIENCIAS NATURAIS.

Queridas familia:

Unha semana máis espero e desexo que vos atopedes ben de saúde e de ánimo, xa queda menos para voltar a normalidade.

Este trimestre, seguindo as instrucións da Consellería, imos comenzar un repaso dos contidos traballados no aula de xeito presencial, nos trimestres anteriores.

Hoxe déixovos un breve resumen, para que o leades e intentedes facer as actividades propostas.

Os seres vivos e o medio.

Os ecosistemas.

Un ecosistema está formado por o conxunto de seres vivos (paxaros, insectos, plantas, etc), o medio que os rodea (auga, aire, solo, etc) e as relación que existen entre eles.

Tipos de ecosistemas.

Hai dous grupos de ecosistemas:

Ecosistemas acuáticos.

-Ecosistemas de auga doce (ríos e lagos).



- Ecosistemas de auga salada (mares e océanos).



Ecosistemas terrestres.

Algúns exemplos de ecosistemas terrestres son:

O bosque



O deserto



A pradeira



A selva



A ribeira dun río.



Relacións no ecosistema.

Relacións entre os seres vivos.

Os seres vivos relaciónanse de dúas formas:

Con seres do seu mesma especie (iguais que eles). Por exemplo, unha leoa cos seus fillos aos que alimenta e coida.



Con seres doutras especies (con outros seres distintos). Por exemplo, un ratón e unha lechuza que se alimenta del.



Relacións alimentarias.

As relacións alimentarias son as que hai entre os seres vivos que se comen uns a outros.


Por exemplo, as plantas son o alimento (a comida) dos animais herbívoros e os animais herbívoros son o alimento dos animais carnívoros.

Esta relación chámase **cadea alimenticia**.

A bolboreta cómese á planta

A rá cómese á bolboreta

A serpe cómese á rá



Os seres vivos que producen (fan) o seu alimento chámanse **productores**.

Os seres vivos que se alimentan doutros seres vivos chámanse **consumidores**.

ACTIVIDADES.

1. Nunha charca viven sapos, herbas, bolboretas e garzas. Pensa e escribe unha cadea alimentaria cos seres vivos mencionados. Podes facer un debuxo.



2. Ordena as palabras de cada oración e escríbeas correctamente.

compoñentes

vivos

teñen

Os

e

ecosistemas

Inertes.

3. Atopa neste barullo de letras animais e plantas dun ecosistema.

G	A	I	V	O	T	A
O	F	L	N	X	F	E
P	R	A	L	G	A	S
E	I	S	T	R	E	O
I	A	P	A	T	I	L
X	O	L	A	P	A	S
E	M	P	R	I	P	U

Completa a frase.

O ecosistema ao que pertencen é _____.

Os ecosistemas ameazados

O lince ibérico declarouse especie protexida en 1966, xa que é un animal en perigo de extinción que só vive na península Ibérica. Está considerado pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) como o felino máis ameazado do planeta.

É un gran cazador, especializado na caza de coellos. Non lle gusta demasiado a calor, e aínda que no inverno ten moita actividade durante o día, no verán esa actividade é case exclusivamente nocturna.

4. Que cres que debemos facer para evitar a súa extinción?

5. Se podes, busca información ou curiosidades sobre o lince ibérico. Como é o ecosistema no que vive? Podes facer un debuxo.

